**4 Novembro**

Showroom con 16 adegas, dirixido exclusivamente ao sector profesional (restaurantes, sumilleres, cadeas hoteleras). Acudiron máis de 150 profesionais. Ademais, celebrouse unha cata dirixida a 25 sumilleres e unha mesa redonda que xirou en torno ao consumo de viño branco en México e os posibles maridaxes.

## EVENTO DA ONG “PLAN IRELAND”

**7 Novembro**

A D.O. participou no evento “*Because I am a girl*”, organizado por “Plan Ireland”

## VISITA SUMILLERES IRLANDESES

**8-11 Novembro**

Viaxe de seis sumilleres dentro das actividades do Plan Irlanda. Realizaron unha cata no Consello Regulador con marcas e visitaron tres das subzonas da D.O..

## SALÓN DO VIÑO DE SAN SEBASTIAN

**9 Novembro**

Desenvolveuse unha conferencia dirixida a alumnos da Basque Culinary Center, e unha xornada técnica, na que participaron 25 sumilleres da cidade, e unha cata e degustación coas adegas. Asistiron máis 500 profesionais.

## PRESENTACIÓN ESTUDO NIELSEN

**12 Novembro**

Foi presentado por Ángel García na sede do Consello Regulador.

## FEIRAS NO REINO UNIDO

**Novembro-Decembro**

O Consello Regulador participou na feira

“The Wine Gang”, en Londres, dirixida a “*wine lovers*”. Ademais, asistiu ós “*Three wine men christmas tour*”, que se celebraron en Cardiff, Londres e Manchester.

## TALLER COMERCIO EXTERIOR

**24-25 Novembro**

Taller de formación básica en comercio exterior, a cargo de Pablo O. Gómez, director da empresa Oftex. Participaron 11 alumnos.

## SALÓN DO VIÑO DE BARCELONA

**16 Novembro**

Dirixido ao sector profesional, constou dunha xornada técnica, dirixida a 20 sumilleres da cidade e dunha cata e degustación ofrecida polas adegas. Acudiron á cita máis de 600 profesionais.

## FESTA DO VIÑO ESPUMOSO RÍAS BAIXAS

**5-6 Decembro**

Un ano máis, o Consello Regulador colaborou na Festa do Viño Espumoso

## CURSO INGLÉS

**16-16 Decembro**

Organizouse, por oitavo ano consecutivo o curso de inglés “Inglés no viño branco”, que foi impartido polo profesor Andrew Black. En total, o curso constou de 20 horas lectivas.



## PLAN INTEGRAL DE COMUNICACIÓN

Ao longo do ano levouse a cabo unha campaña publicitaria a nivel nacional, que se desenvolveu en catro ondas: Semana Santa, verán, outono e Nadal. Os obxectivos marcados eran dous: notoriedade e cobertura. Para elo desenvolveuse un mix de medios en cada unha das campañas, centrado en diarios e suplementos dominicais, internet, vallas e autobuses, mupis e marquesiñas. A campaña tivo unha cobertura nacional, con especial incidencia nos mercados obxectivo: Madrid, Galicia, Asturias, País Vasco e Valencia.



## A D.O. GALEGA MÁIS REFERIDA NA PRENSA

**5 Febreiro**

Rías Baixas foi a Denominación de Orixe galega máis referida pola prensa durante o ano 2014, segundo a auditoría externa elaborada pola consultora Castro Galiciana para o Consello Regulador cun pormenorizado estudo para coñecer o seu impacto mediático en España. Os resultados baséanse na monitorización de máis de 25.000 noticias do sector do viño, que se publicaron en 98 diarios e 65 revistas, con máis de 300 edicións territoriais. O informe sinala que o 7,3% do total dos contidos non publicitarios difundidos sobre o sector do viño centráronse na D.O. Rías Baixas. Con este resultado, superouse a máis dun centenar de denominacións españolas, quedando só por detrás das Denominacións Rioja, Cava e Ribera del Duero. En total publicáronse máis de 1.300 noticias, catas e comentarios sobre as actividades do CRDO Rías Baixas, as súas adegas asociadas e os seus viños. Estes datos sitúana como a cuarta Denominación de Orixe de España referida pola prensa.

## 21 MEDALLAS BACCHUS

**25 Marzo**

Os viños de Rías Baixas estiveron presentes na XIII edición dos premios Bacchus 2015. Vinte marcas desta denominación protagonizaron a Cea Bacchus na que participaron uns 80 catadores nacionais e internacionais. 21 dos 62 viños de Rías Baixas que competiron nesta edición recibiron medallas (11 de ouro e 10 de prata). O presidente do Consello Regulador, Juan Gil de Araujo, sinalou que estes galardóns "ratifican que a D.O. segue a elaborar uns viños de moi alta calidade".

Promovido pola Unión Española de Catadores, este prestixioso concurso internacional está auspiciado pola Organización Internacional da Viña e o Viño (OIV), ademais de ter recibido o aval da Unión Internacional de Enólogos (UIOE), da Federación Mundial de Grandes Concursos de Viños e Espirituosos (VINO FED) e contar co recoñecemento oficial do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

## VISITA DE 16 MASTERS OF WINE

**13 Abril**

Un total de 16 Masters of Wine de oito na-

cionalidades distintas realizaron nesta data unha visita á Denominación de Orixe Rías Baixas. O grupo, encabezado pola presidenta do Institute of Masters of Wine, Sarah Jane Evans, foi recibido polo presidente do Consello Regulador, Juan Gil de Araujo e polo secretario xeral do CRDO, Ramón Huidobro. Nesta primeira visita oficial desta prestixiosa entidade, os expertos asistiron a unha presentación sobre a historia e características da D.O. e participaron nunha cata de 61 marcas de 33 adegas exportadoras, impartida por un técnico do Consello

ve, Ed Adams, Fiona Morrison, Rod Smith, Dee Blackstock, Anne Tupker, Angel Muir e Jonathan Pedley; o estadounidense Pat Farrell; a australiana Alison Eiserman; o irlandés Fergal Tynan; o escocés Norrel Robertson; a sueca Louise Sydbeck; o noruego Arne Ronold; e o español Pedro Ballesteros.

## MÁIS DE 7 MILLÓNS DE BOTELLAS

**21 Abril**

Os viños de Rías Baixas manteñen o seu posicionamento, tanto no mercado nacional como no internacional, como o demostran



Foto de familia dos "Masters of Wine", fronte ao Pazo de Mugartegui, sede do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas.



Presentación da Colleita 2014 no transcurso dun acto promocional celebrado o 30 de xuño de 2015 en Madrid.

Regulador. As súas valoracións sobre os viños catados foron moi boas, xa que estes especialistas loubaron as súas excelentes características e destacaron que a súa calidade vai en aumento. A visita dos Masters of Wine, ademais de con Sarah Jane Evans, contou cos tamén británicos Andrea Hargra-

os incrementos rexistrados no número de litros cualificados e nas vendas ao exterior durante o exercicio 2014.

Así, a D.O. pechou 2014 cun total de 19.390.727 litros cualificados, un 12% máis que o ano anterior. Unha cifra que se traduxo nun total de 25.854.302 contraetique-

tas/botellas, xa que “todo o viño que vende a D.O. Rías Baixas está embotellado”, lembra o presidente do CRDO Rías Baixas, Juan Gil de Araujo.

Esta tendencia de crecemento constante e consolidación tamén se rexistra nas vendas no exterior. Durante 2014, Rías Baixas exportou un total de 5.387.284 litros (7.183.045 botellas), que en valor acadaron 28.340.946 euros. O presidente da D.O. Rías Baixas explicou que “tratamos sempre de apoiar ás adegas nos seus esforzos exportadores”.

cia e sabedoría dos adegueiros e enólogos, que saben aproveitar as adversas condicións meteorolóxicas para sacar á luz “a frescura, a elegancia e a mineralidade” dos viños da D.O. O informe técnico redactado polo Órgano de Control e Certificación do Consello Regulador, responsable da acreditación de viños, detalla que as “baixas temperaturas e as abundantes chuvias condicionaron tanto a maduración da uva coma o seu equilibrio organoléptico”. Pola súa parte, desde o Panel de Cata indicaron que “un ano así, o traballo en adega é clave para

edición deste ano incluíronse un total de 181 viños.

Neste sentido, a directora do departamento de Marketing do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas, Eva Mínguez, valorou moi positivamente a inclusión das preto de 200 referencias na publicación. “Isto supón que os nosos viños teñen unha calidade máis que demostrada; algo que tamén é froito dos nosos concienzudos controis na cualificación”, afirmou.

A diferenza doutras ocasións, o panel de cata para valorar os viños foi máis heteroxeneo ao participar expertos noutros ámbitos como o enoturismo, o comercio nacional e internacional e tamén o marketing.

Con máis de sete lustros de existencia, a Guía Repsol é unha das publicacións de referencia no sector da gastronomía e do turismo, con máis de 5 millóns de exemplares vendidos dende a súa creación en 1979.

#### **TÚNEL DO VIÑO E CATAS TEMÁTICAS**

##### **27 Xullo**

Co gallo da celebración da LXIII Festa do Vino Albariño Denominación de Orixe Rías Baixas de Cambados, o Consello Regulador organizou a quinta edición do Túnel do Viño e a segunda das Catas Temáticas D.O. Rías Baixas, que contaron cun total de trece catas, impartidas por doce adegas.

141 marcas de vinos da D.O., procedentes de 56 adegas, participaron no Túnel do Viño coa finalidade de amosar a riqueza dos produtos amparados por esta denominación de orixe. Este espazo de cata tivo lugar no Salón de Congresos e Exposicións José Peña do 30 de xullo ao 2 de agosto. Os asistentes fixeron as degustacións nun ambiente máis recollido e co asesoramento dun sumiller.

Ademais, doce adegas de Rías Baixas protagonizaron a segunda edición das Catas Temáticas, dirixidas polos enólogos das empresas participantes, e que nesta ocasión sumaron un total de 13. O obxectivo desta actividade foi descubrir os viños de Rías Baixas desde diferentes perspectivas, da man de profesionais e, en moitos casos, dos seus creadores.

#### **CATA CONCURSO RÍAS BAIXAS**

##### **ALBARIÑO**

##### **31 Xullo**

Un total de 53 marcas da D.O. participaron na XXVII Cata Concurso Rías Baixas Albariño, que se celebrou no Parador de Cambados os días 1 e 2 de agosto. Enmarcada dentro das



Sumilleres da Guía Repsol nun momento da cata dun total de 116 marcas de viños da D.O. Rías Baixas.

O mercado exterior xa representa o 28% das vendas de Rías Baixas. En canto a destinos, os Top 10 representan o 83,43% do total exportado. Á cabeza continúa Estados Unidos, con 2.189.258 litros; seguido de Reino Unido, con 735.679 litros. O terceiro posto é para Alemaña, que incrementa as súas compras nun 14,67%, seguida por Holanda, que crece un 78,68%. Completan o ranking Porto Rico, México, Irlanda, Suíza, Noruega e Suecia.

#### **A COLLEITA 2014, “BOA”**

##### **30 Xullo**

O Pleno do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas cualificou como “Boa” a Colleita 2014, que ascendeu a 16.187.622 litros. Durante un acto promocional celebrado en Madrid, o presidente da D.O., Juan Gil de Araujo, loubou a experien-

resaltar as virtudes das variedades da D.O. e coinciden que a Colleita 2014 “é dunha variedade global correcta”. Engadiron que os viños desta colleita experimentan unha mellora sustancial a medida que pasa o tempo e a súa estadia en botella.

#### **CATA DA GUÍA REPSOL**

##### **15 Xullo**

Seis membros da Guía Repsol cataron un total de 116 marcas de viños da Denominación de Orixe Rías Baixas, dos que 60 pertencían á colleita 2014, e o resto a elaborados en anos anteriores, tintos, espumosos e elaboracións especiais.

Bos coñecedores dos Rías Baixas, desde o panel de cata da Guía Repsol, ratificaron “a idea global de que esta denominación de orixe é líder entre os brancos españois, aínda que a competencia está a crecer”: Non en vano, na



actividades da LXIII Festa do Viño Rías Baixas Albariño de Cambados. A Cata-Concurso Rías Baixas Albariño comezou coa denominada "Cata Prima", onde o panel de cata dividiuse en dous para avaliar todos os viños, que foron puntuados segundo a normativa da Organización Internacional do Viño (OIV). Os doce mellores viños pasaron á "Cata Derradeira", dos que saíron os tres gañadores. Esta Cata

xeral do organismo, Ramón Huidobro, e o delegado provincial da Xunta en Pontevedra, José Manuel Cores Tourís.

Rueda amosouse moi satisfeito por visitar, unha vez máis, esta celebración "que congrega moitísima xente. Con esta festa, recordamos o que se sabe xa durante o resto do ano, que o Albariño Rías Baixas é o mellor branco do mundo"

to no número de visitantes. Medio millar de persoas achegáronse ás instalacións do Salón de Exposicións e Congresos José Peña de Cambados para degustar máis de 140 marcas desta denominación, ademais de asistir a algunha das 13 catas temáticas ofrecidas por un total de 12 adegas.

Este aumento no número de participantes



Brinde de autoridades na xornada de inauguración da LXIII Festa do Viño Rías Baixas Albariño de Cambados.

Concurso, organizada polo Consello Regulador da D.O. Rías Baixas, contou cun panel de cata integrado por 24 expertos.

Entre os catadores externos atopábanse recoñecidos expertos nacionais e internacionais do mundo do viño.

#### **VISITA DO VICEPRESIDENTE DA XUNTA**

**31 Xullo**

O vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, realizou un percorrido pola Festa, acompañado polo presidente do Consello Regulador, Juan Gil de Araujo, o secretario

Pola súa parte, Juan Gil, agradeceu o "apoio institucional e implicación por parte da Xunta de Galicia". Con respecto á Cata Concurso destacou o nivel das marcas que se presentan. "Este concurso supón un impulso comercial importantísimo para o viño gañador", comentou.

#### **500 ASISTENTES AO TÚNEL DO VIÑO 5 Agosto**

O Túnel do Viño Rías Baixas consolidouse como un referente na programación da Festa do Vino Albariño Denominación de Orixe Rías Baixas cun notable incremen-

foi corroborado polo sumiller Nacho Costoya, coordinador desta actividade, quen destacou "o incremento de asistentes con respecto a edicións anteriores". Especialmente chamativa foi a presenza de "máis profesionais que outros anos, incluso procedentes doutras denominacións de orixe galegas, e, sobre todo, de moita xente xove. Isto demostra o crecente interese polos viños Rías Baixas", explicou Costoya. A maioría dos asistentes, arredor dun 70%, foi público especializado, mentres que o 30% restante eran afeccionados ao mundo da enoloxía. Debido

a este aumento de asistentes, na vindeira edición desta actividade ampliarase o espazo expositivo.

#### **PREMIO PARA LAGAR DE COSTA**

**5 Agosto**

Tras catar 53 marcas de Rías Baixas, os profesionais que integraron o panel de cata da XXVII Cata Concurso Rías Baixas

rez, vicepresidente da xunta directiva da Asociación de Sumilleres de Andalucía.

#### **ALIANZA CON ABANCA**

**7 Agosto**

ABANCA e o Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas impulsaron a súa colaboración a través dunha alianza que ten o obxectivo de facilitar o crédito ás ade-

#### **194 VIÑOS AO CONCURSO GALLAECIA**

**11 Agosto**

O Pazo de Mugartegui acolleu nesta data a cata da Denominación de Orixe Rías Baixas por parte da Asociación de Sumilleres Gallaecia para seleccionar aos finalistas do concurso Distinguidos Gallaecia 2015. Un total de 23 sumilleres divididos en 4 paneis de cata foron os encargados de avaliar un total de 194 marcas. Esta cifra supón un novo récord con respecto á pasada edición do concurso, na que participaron 175. Catáronse viños brancos tanto de 2014, como de colleitas anteriores, chegando incluso ata 2006, ademais de tintos e espumosos. O presidente de Gallaecia, Luís Paadín, indicou que os viños rexistran “unha acidez marcada”, unha característica destes viños valorada tanto polos profesionais como polo consumidor. Na súa opinión, nesta D.O. “hai un potencial de variedade, solos e de tecnoloxía que nos vai a permitir afinar moitísimo máis esa corda –da calidade dos viños Rías Baixas– que xa soa moi ben”. O Concurso Distinguidos Gallaecia 2015 inclúe a valoración de marcas das distintas denominacións de orixe galegas. “Non hai outro concurso galego no que participen tal cantidade de mostras”, sinala Luís Paadín.

#### **140 GALARDÓNS RECOLLIDOS**

**3 Setembro**

Os viños de Rías Baixas lograron un total de 140 galardóns nos máis relevantes concursos nacionais e internacionais. Mencións aparte, que sumaron 37 en total, continúan o seu posicionamento entre os mellores brancos do mundo. Estes premios, recollidos ao longo de 2015 en prestixiosos concursos, repártense en 37 ouros, 59 pratas e 44 bronce. Un total de 177 recoñecementos (mencións incluídas) recibiron estes viños atlánticos. As adegas desta denominación recolleron un trofeo especial no International Wine Challenge, así como 11 ouros e 10 pratas nos Bacchus 2015; e 11 ouros no International Wine and Spirit Competition, onde tamén as marcas de Rías Baixas recolleron outras tantas pratas. Tamén houbo galardóns no Decanter World Wine Awards, no que os viños desta denominación obtiveron 1 ouro, 7 pratas, 18 bronce e 27 mencións; mentres no Challenge Internacional du Vin repartíronse 3 ouros, 1 prata y 3 bronce. Ademais, as adegas desta denominación recolleron 6



Asistentes ao Túnel do Viño Rías Baixas celebrado co gallo da LXIII Festa do Viño Rías Baixas Albariño de Cambados no Salón de Exposicións José Peña.

Albariño, decidiron outorgar a medalla de ouro a Lagar de Costa, da adega Lagar de Costa. A medalla de prata foi para a marca Gotas de Mar, da adega Finca Garabelos e a de bronce, recaíu en Paco y Lola, da adega Paco y Lola.

Foi un difícil labor de selección por parte dos expertos, coma M<sup>a</sup> Jesús Barrachina, secretaria da Asociación Catalana de Sumilleres e profesora de Enoloxía na Escola Superior de Hostalaría de Barcelona, quen explicou “na cata prima houbo viños que me sorprenderon pero na derradeira xa foi máis difícil puntuar porque había máis igualdade”. Coincidiron nestas afirmacións outros membros do panel como Antonio Jesús Palacios Muro, ex presidente da Asociación Española de Enólogos, membro das Asociacións de Enólogos da Rioja e Enólogos de Burdeos e asesor/consultor de adegas ou Antonio Jesús Pé-

gas das provincias de Pontevedra e A Coruña. Ambas as entidades comprometéronse a crear un catálogo de produtos específicos para o sector vinícola.

Na presentación deste acordo participaron o presidente do Consello Regulador, Juan Gil de Araujo González de Careaga, e o director de Banca Agro e Mar de ABANCA, Jesús Combarro Pereira.

O texto acordado senta as bases para tratar de atallar as principais preocupacións ás que teñen que facer fronte ás adegas. Deste xeito, as empresas desta denominación de orixe poden optar a unha póliza de crédito cun prazo de ata cinco anos que permite atender as esixencias da Lei 12/2013 en materia de cadea alimentaria. Esta regulación esixe pagos nun prazo máximo de 30 días e, con este produto as adegas poden facer fronte ao pago da uva aos viticultores dunha maneira flexible.

ouros e 11 pratas no Concurso Mundial de Bruselas; 4 ouros (un deles trofeo especial), 14 pratas, 22 bronce, e 10 mencións no International Wine Challenge; 2 pratas nas Citadelles Du Vin; 1 prata no Vinealies Internationales París; un ouro e unha prata na Sélections Mondiales des Vins Canadá; e un bronce nos Ángeles International Wine & Spirits Awards, así como unha prata nos Premios Zarcillo 2015.

Estes concursos están no calendario oficial da Organización Internacional da Vide e o Viño. Os Rías Baixas distinguidos pertencen, na súa maioría, á colleita de 2014 (máis de 70). Tamén teñen gran peso os viños da colleita 2013, que acadan os 60. Unha tendencia que demostra a grande evolución da variedade albariño co tempo, recoñecida polos catadores nos últimos anos.

## VENDIMA

### 18 Setembro

Nesta data xa estaban recollidos 11 millóns de kilos de uva. As variedades brancas treixadura e loureira, así como as uvas para elaborar o viño base para os espumosos de Rías Baixas, foron as máis madrugadoras. Pola súa parte estaban xa activas 137 das 170 adegas que tiñan previsto elaborar viño. Segundo as estimacións do departamento técnico do Consello Regulador, o incremento na produción de uva podería superar o 35 por cento. Na D.O. a recolección da uva por parte dos viticultores realizouse de maneira gradual “a medida que a uva vai adquirindo o grao de maduración idóneo para a súa recollida”, explica Agustín Lago, director técnico do Órgano de Control e Certificación en Rías Baixas. Lago lembrou que unha das singularidades desta vendima é a ausencia de mecanización “para o maior coidado na conservación das uvas, a recollida do froito faise íntegramente a mán e se ten que procesar nun prazo inferior a 24 horas. Ademais, o Regulamento obriga a que o seu transporte se realice en caixas normalizadas cunha capacidade de 20 kilos. Como todos os anos, o Pleno do Consello Regulador da D.O. Rías Baixas aprobou as Normas de Vendima que rexeron durante a campaña 2015. O obxectivo foi o de apostar pola máxima calidade e a garantía de orixe da materia prima. A normativa recorda a produtores e elaboradores a obriga de dispor dun sistema de trazabilidade e auto-control que permita acreditar a procedencia da uva,

os rendementos de produción e as variedades empregadas, así como os rendementos de extracción de mosto e a análise dos parámetros químicos. Cada viticultor dispuxo dunha tarxeta persoal e intransferible.

## AS EXPORTACIÓNS CRECEN

### MÁIS RÁPIDO

#### 16 Outubro

Xenerar valor, equilibrio entre produción e vendas, producir mellor e, vender máis e mellor son algúns dos retos aos que se ten que enfrontar o sector do viño español, segundo o director xeral do Observatorio Es-

pañol do Mercado do Viño (OEMV), Rafael del Rey. Son algunhas das conclusións dunha mesa de traballo celebrada no Pazo de Mugartegui e na que participaron un total de 34 representantes de adegas adscritas á denominación. Nesta sesión destacou que o futuro do viño español pasa pola exportación. Neste senso, o secretario xeral da D.O. Rías Baixas, Ramón Huidobro, asegurou que “o mercado internacional é unha posibilidade de futuro e de negocio. O obxectivo é seguir medrando e animar a outras adegas a participar”. Pola súa banda, Rafael del Rey, sinalou que as exportacións Rías Baixas experimentaron un aumento máis rápido no conxunto de viños de España debido ao esforzo exportador. As exportacións da D.O. representan un 28% da súa produción, concretamente 5.396.187 litros, que se traduxeron en 28



A campaña da vendima 2015 saldouse con case 32 millóns de kilos de uva recollida, un 32 por cento máis que o ano anterior.

pañol do Mercado do Viño (OEMV), Rafael del Rey. Son algunhas das conclusións dunha mesa de traballo celebrada no Pazo de Mugartegui e na que participaron un total de 34 representantes de adegas adscritas á denominación. Nesta sesión destacou que o futuro do viño español pasa pola exportación. Neste senso, o secretario xeral da D.O. Rías Baixas, Ramón Huidobro, asegurou que “o mercado internacional é unha posibilidade de futuro e de negocio. O obxectivo é seguir medrando e animar a outras adegas a participar”.

Pola súa banda, Rafael del Rey, sinalou que as exportacións Rías Baixas experimentaron un aumento máis rápido no conxunto de viños de España debido ao esforzo exportador. As exportacións da D.O. representan un 28% da súa produción, concretamente 5.396.187 litros, que se traduxeron en 28

## 32 MILLÓNS DE UVA

### 30 Outubro

A Campaña da Vendima 2015 saldouse con case 32 millóns de kilos de uva vendimada, (31.917.611 kilos, o que supón un 32 por cento máis que o ano anterior). Os datos do Consello Regulador destacan que esta campaña foi a terceira máis abundante da súa historia. Para o director técnico da D.O. Rías Baixas, Agustín Lago, “cumpríronse os nosos prognósticos en canto á cantidade prevista polo Órgano de Control e Certificación, así como a calidade da uva, que consideramos moi boa en base aos parámetros fundamentais de grao, máis elevado que a pasada campaña, e acidez, máis compensada”.

Os case 32 millóns de kilos de uva recollidos nesta campaña transformaránse nuns 22 millóns de litros de viño de moi alta calidade, segundo as estimacións do Órgano



de Control e Certificación de Rías Baixas. A produción da variedade Albariño, dentro das variedades brancas, segue a ser maioritaria, representando o 96,8% do total. Despois veñen Treixadura, Loureira e o Caiño Branco. Aínda que as variedades tintas só representan el 0,77% da produción, recolleróñse 246.660 kilos de uva, un 19,79 % máis que o ano anterior e coa variedade Sousón en cabeza.

En canto á produción, a subzona do Salnés mantén a súa hexemonía, seguida polo Condado do Tea, O Rosal, Ribeira Ulla e, por último, Soutomaior.

sultados do estudo “Posicionamento dos viños de Rías Baixas no mercado nacional”, un informe elaborado por Nielsen que recolle datos sobre o mercado do viño en España actualizados a setembro de 2015. Unhas cifras que confirmaron que a D.O. Rías Baixas segue a consolidar a súa cota de mercado, o que lle permite participar da boa evolución do volume de vendas do viño nos dous últimos anos. Así, a cota de mercado chega o 2,5% e esta Denominación de Orixe mantén a súa oitava posición no ranking de D.O. no mercado nacional por volume de vendas. Entre as súas conclu-

ción comercializadora internacional. O curso, cunha parte eminentemente práctica, centrou a súa atención en documentación comercial, aduaneira, certificados, homologacións e barreiras non arancelarias, formas de cobro, contratos, propiedade intelectual, seguros e calidade, medios de transporte e incoterms 2010.

Coa finalidade de ofrecer ás adegas a posibilidade a crecer no mercado internacional, a xornada foi impartida polo director de Ofetex, Pablo O. Gómez, con 17 anos de experiencia en comercio exterior. Doutor en Dirección de Empresas, licenciado en Ciencias Empresariais e máster en Comercio Exterior, conta con 10 anos de experiencia en docencia e tres libros escritos sobre comercio exterior.

#### MISIÓN COMERCIAL INVERSA

**28 Novembro**

Case corenta adegas da D.O. Rías Baixas amosaron os seus mellores produtos na misión comercial inversa de viños organizada pola Cámara de Vigo e a Zona Franca, en colaboración coas Cámaras de Vilagarcía de Arousa e Pontevedra, e a Denominación de Orixe Rías Baixas. Teresa Pedrosa, delegada do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo e José García Costas, presidente da Cámara de Comercio de Vigo, acudiron á inauguración deste encontro europeo no que participaron unha quincena de importadores do sector procedentes de Bélxica (3), Holanda (2), Alemaña (5), Polonia (2) e Reino Unido (3).

O Auditorio Mar de Vigo acolleu durante dúas xornadas esta actividade na que as empresas participantes celebraron ata 570 catas de aproximadamente 15-20 minutos de duración. Os compradores foron pasando por cada unha das mesas ubicadas no recinto e anotando as súas impresións con cada proba. Para facilitar o seu traballo, contaron cun Libro de Catas, cos principais datos de cada peme galega e espazo para tomar nota sobre cada viño. Os viños procedían das subzonas de Val do Salnés, Condado do Tea, O Rosal, Soutomaior e Ribeira do Ulla. Durante a súa intervención, Teresa Pedrosa resaltou que estes viños representan a “unha das rexións vitivinícolas de maior proxección en todo o mundo e o saber facer das súas adegas e do seu Consello Regulador está presente en cada unha das botellas”.



Case 40 adegas da D.O. Rías Baixas participaron na Misión Comercial Inversa organizada pola Cámara de Comercio de Vigo e a Zona Franca.

#### XORNADA SOBRE RISCOS LABORAIS

**11 Novembro**

O ISSGA (Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral) organizou unha Xornada sobre Riscos Laborais no sector vitivinícola de Rías Baixas no Auditorio de Cambados. Participaron o presidente da D.O. Rías Baixas, Juan Gil de Araujo, e o subdirector xeral técnico e de planificación do ISSGA, Fernando González Abeijón.

Entre os temas que se abordaron, figuraron os Riscos da Seguridade e a utilización dos equipos de traballo; os Riscos do Medio Ambiente de Traballo, o uso seguro das substancias e misturas e a manipulación das cargas.

#### INFORME NIELSEN

**12 Novembro**

O Consello Regulador presentou os re-

sultados do estudo “Posicionamento dos viños de Rías Baixas no mercado nacional”, un informe elaborado por Nielsen que recolle datos sobre o mercado do viño en España actualizados a setembro de 2015. Unhas cifras que confirmaron que a D.O. Rías Baixas segue a consolidar a súa cota de mercado, o que lle permite participar da boa evolución do volume de vendas do viño nos dous últimos anos. Así, a cota de mercado chega o 2,5% e esta Denominación de Orixe mantén a súa oitava posición no ranking de D.O. no mercado nacional por volume de vendas. Entre as súas conclu-

sións, Nielsen sinala que esta denominación debe coidar a imaxe e o recoñecemento da marca Rías Baixas, así como apoiar o seu coñecemento e notoriedade como base para asegurar o seu desenvolvemento futuro, buscando optimizar tanto as vendas como a súa rendabilidade. Pola súa parte, a axencia estadounidense Gregory White presentou as súas propostas para a nova campaña promocional dos viños de Rías Baixas en Estados Unidos, co obxectivo de consolidar o recoñecemento da marca e incrementar as vendas a través dunha programación estratéxica.

#### CURSO COMERCIO EXTERIOR

**25 Novembro**

A D.O. organizou un taller de formación básico en Comercio Exterior no que participaron un total de dez adegas con voca-



## Facebook

- Durante o ano 2015, apostouse por aportar contidos de calidade cunha importante carga visual co fin de consolidar a actual comunidade de seguidores da *fan page* e de fomentar o *engagement*.
- Os posts diferenciados e accións de gamificación lograron aumentar en case un 10 % o número de seguidores (37.771 a 31 decembro). Nos últimos catro anos, a comunidade virtual incrementouse un 100,57%.
- Publicáronse máis de 350 posts de contido orixinal e de interese para os usuarios. Estas accións derivaron en maiores cifras de interacción (comentarios e post compartidos).
- Levouse a cabo unha campaña especial, vinculada co blog Beberiasbaixas.com, con reportaxes específicas sobre as adegas da D.O. Estas publicacións tiveron moi boa acollida entre os usuarios. O número de usuarios que visitaron o blog incrementouse un 65 por cento.
- Desenvolveronse diversas accións de gamificación (a través de sorteos, actividades e concursos) que contaron cunha boa resposta por parte dos seguidores.
- As “Frases do Viño”, as curiosidades, maridaxes, manualidades e posts elaborados para conmemorar algunha data especial rexistraron grande éxito entre a comunidade virtual.



## Twitter

- Conseguiuse un incremento de máis de 2.000 seguidores (6.522 a 31 de decembro de 2015). Nos últimos catro anos, o perfil de TW incrementou a súa comunidade nun 355%.
- Apostouse por contidos diferenciados. Crearóense seccións coma #MiércolesMaridaje ou #SabíasQue, con grande éxito.
- Establecéronse campañas promocionais puntuais para incrementar os impactos de marca e o número de seguidores.
- Fíxose especial fincapé na promoción das actividades do Consello Regulador, cun seguimento exhaustivo dende TW en accións puntuais desenvolvidas dentro e fóra do territorio galego. Este tipo de publicacións tamén fomentaron o apoio e retroalimentación de contidos a través das diferentes adegas.
- Rexistrouse, ademais, una mellora do *engagement*, cunha elevada taxa de éxito nas diferentes publicacións.



## YouTube

- A canle do CRDO Rías Baixas segue a incrementar o número de suscriptores e visualizacións. Neste caso chegaron a un total de 115 suscriptores acumulando máis de 20.000 reproducións.
- Os vídeos sobre o proceso elaboración dos viños ou como se desenvolve unha cata son dos máis vistos.



## Flickr e Pinterest

- No ano 2015 seguíronse incrementando o número de fotografías nestas dúas redes sociais, principalmente utilizadas coma repositorios de imaxes.
- Sumáronse 33 novos taboleiros a Pinterest, e rexistráronse unha media de 70 impresións por día nesta rede social. Pinterest rexistrou unha suba dun 67 por cento con respecto ao ano anterior.
- No caso de Flickr, subíronse 450 novas fotografías que acumularon preto de 90.000 visualizacións.

### Conclusións

O reforzo da carga visual e aposta por contidos novidosos, así coma as diversas campañas promocionais desenvolvidas durante 2015, contribuíron a mellora do *engagement* das principais redes sociais da D.O.

A liña a seguir para o ano 2016 nas dúas principais redes sociais (FB e TW) pasa polo reforzo e ampliación da carga audiovisual con publicacións que sorprendan e agraden aos seguidores. Estes contidos combinaranse coas distintas accións promocionais que se desenvolven no Consello Regulador durante todo o ano. Apostarase pola creación de novos vídeos para subir a You Tube.

No 2016 incorporárase á estratexia de Social Media a rede social Instagram, que precisamente segue ese principio de fortalecer a carga visual a través de imaxes atractivas e con contido de interese para os usuarios. Con respecto a Flickr e Pinterest, continuarase coa incorporación progresiva de imaxes.



Consello Regulador da Denominación de Orixe

*Rías Baixas*

Pazo de Mugartegui

Praza da Pedreira 10 - 36002 (Pontevedra)

Tf: 986 854 850 / Fax: 986 864 546

[www.doriasbaixas.com](http://www.doriasbaixas.com) / [consejo@doriasbaixas.com](mailto:consejo@doriasbaixas.com)

Edita: Cuerpo a Cuerpo Comunicación. R/ Uruguai, 2 - 3º dta. 36201 VIGO



**FEADER**

Europa inviste no rural



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN  
Y MEDIO AMBIENTE



**XUNTA  
DE GALICIA**